

## O GOBERNO MUNICIPAL DE CUNTIS MANTÉN PARALIZADO O CONSELLO LOCAL DE IGUALDADE

- *No último ano e media, a concelleira de Igualdade convocou o CLI unicamente unha vez, a partir da esixencia de Veciñanza.*
- *O CLI debera ter sido órgano asesor e participativo na elaboración do IV Plan de Igualdade Municipal, xa que é un dos seus. Non só non participou na súa elaboración senón que nin tan sequera foi informado da aprobación.*
- *Veciñanza esíxelle ao PSOE que dote de contido real este organismo, aínda que desconfía que esta parálise, que tamén afecta a outras áreas do goberno, será disimulada con propaganda.*

Cuntis, 28 de maio de 2021

No pleno do pasado xoves Veciñanza volveu **denunciar a parálise total á que o Goberno do PSOE ten sometido o Consello Local de Igualdade de Cuntis e esixiu unha vez máis a súa reactivación.**

O Consello Local de Igualdade de Cuntis creouse o 8 de marzo de 2017. Dende esa data, este órgano reuniuse 6 veces:

- Entre marzo 2017 e decembro 2018: 5 convocatorias
- Entre decembro de 2018 e maio de 2021: 1 convocatoria

Entre decembro de 2018 e outubro de 2020 sofre un paro total, **mesmo permaneceu ano e medio sen incorporar as integrantes da nova Corporación Municipal xurdida das eleccións de 2019.**

Durante este tempo de inactividade, o pleno municipal aproba o IV Plan de Igualdade do Concello de Cuntis. O CLI debera ter sido órgano asesor e participativo na elaboración deste plan, xa que é un dos seus obxectivos, tal e como se recolle na súa constitución. Non só non participou na súa elaboración senón que **nin tan sequera foi informado da aprobación.**

Despois de ano e medio paralizado e logo da reiterada insistencia por parte de Veciñanza, o 14 de outubro de 2020 volve reunirse o Consello Local de Igualdade. Esa foi a súa última reunión, na que se acorda reactivar o CLI, manter unha comunicación máis fluída e dotar de utilidade este órgano.

Pasaron máis de seis meses e non volveu haber noticias ao respecto.

**A incompetencia e a ineptitude do Goberno Municipal do PSOE nesta área resultan desesperantes.** Este é un exemplo da parálise que caracteriza varias das áreas de xestión municipais. **Á concelleira de Igualdade non se lle coñece máis actividade que a súa presenza en**





**fotografías cada vez que hai ocasión**, marca distintiva deste goberno. Para compensar esta parálise, é altamente probable que o Goberno Local recorra a calquera acto de propaganda con fondos públicos que tanto caracterizan a presente lexislatura.

